



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BANDE PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E O PLAN DE USOS DA REITORIAL DE SANTA COMBA DE BANDE, ASÍ COMO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS URGENTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Bande o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Bande para a elaboración do Plan Director e o Plan de Usos da Reitoral de Santa Comba de Bande, así como para a execución das actuacións urxentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Cuarto.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Quinto.- Que lindeira a igrexa visigoda de Santa Comba de Bande está sita unha reitoral que dende fai décadas se atopa en desuso, abandonada e parcialmente arruinada.

Sendo dita igrexa un dos maiores fitos peninsulares da súa época, ten gran interese para a súa propia posta en valor que a intervención na reitoral se faga en base a un estudo previo, amplo e transversal, que lle permita dialogar de xeito respectuoso e consecuente coa igrexa lindeira.

De aí a necesidade de elaborar unhas Directrices para a intervención na Reitoral de Santa Comba de Bande, así coma o documento marco no que se defina o estado actual da reitoral e da igrexa, e estude as sinerxías entrambas en aras de potenciar a calidade da visita á igrexa visigoda.

Estudaranse as realidades da reitoral (000300100NG84E0001WR) e da igrexa (000300300NG84E0001BR) ao longo da súa historia ata a actualidade.

As Directrices a elaborar serán unha documentación con carácter estratéxico e integrador, que avalíe dende unha certa escala as intervencións a realizar na reitoral, que será parte activa na visita da igrexa, e se fose preciso, na propia igrexa visigoda e a súa contorna.

Este marco documental en natureza aberta e revisable, de tal forma



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

que poderá ser complementada ou modificada no futuro, pero que terá o interese de servir coma ferramenta analítica e estratéxica para futuras intervencións.

As Directrices da intervención recolleran os estudos e propostas que avaliarán por un lado a perspectiva arquitectónica e espacial da reitoral e da igrexa, e por outro a súa xestión e usos.

O obxectivo das Directrices é establecer o estado de conserva actual da reitoral e da igrexa e definir as liñas de actuación de cara ao futuro no campo da súa conserva e das propostas para o seu desenvolvemento sostible de maneira compatible cos seus valores culturais e de identificación.

As Directrices describirán sobre a Reitoral e a igrexa visigoda as súas características e as súas patoloxías construtivas e funcionais, as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración, e analizarán a potencialidade da reitoral e igrexa para o desenvolvemento organizado dunha proposta de usos compatible cos seus valores culturais que permita unha idónea posta en valor da igrexa.

Así mesmo, é preciso acometer actuacións urxentes para o mantemento do inmovible. Estas obras trataranse: por unha beira da consolidación da edificación do muro sur que está desplomado, e por outra do acondicionamento da contorna, en especial da mellora da entrada que se precisa facer tanto para as futuras obras coma para o aparcadoiro propio.

Sexto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recursos transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez máis recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Obxectivos estratéxicos:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



A Reitoral é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só no concello de Bande senón tamén na Comunidade Autónoma.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar para a posta en valor do citado inmovible, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Bande unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

